

MEDIDAS A TOMAR NOS CENTROS DA UDC CO OBXECTIVO DE REDUCIR O CONSUMO DE AUGA

Escrito dirixido ás direccións e responsábeis de todos os centros, relativo ás medidas de redución do consumo de auga en billas de lavabos.

Data 07/12/2017

TIPOS DE BILLA E POSIBILIDADES DE AXUSTE

Nos centros da UDC temos varios tipos de billa en lavabos dos aseos:

- Billas con pulsador temporizado
- Billas de panca monomando
- Outros modelos, tais como billas de rosetas, e billas especiais.

As de pulsador considéranse as máis axeitadas para locais públicos e institucionais, sempre e cando se atopen optimizadas en canto ao tempo de accionamento de cada pulsación e á eficiencia da boca de saída en canto ao caudal subministrado.

As billas de panca ou roseta (monomando, etc) son igualmente axeitadas, sempre e cando o civismo das persoas usuarias evite que fiquen abertas unha vez terminado o seu uso.

Porén, o maior potencial para a redución do consumo de auga está na revisión destes equipamentos e na adopción de pequenas medidas de axuste do caudal e/ou substitución do aireador ou perlizador que vai no extremo de saída da auga. Medir o caudal que dan as billas é unha tarefa moi sinxela, e permite documentar tanto o consumo como o aforro que estas medidas ofrecen.

O AXUSTE DO CAUDAL DE AUGA MEDIANTE A CHAVE

É habitual que nos aseos da UDC, como nas vivendas en xeral, cada billa teña unha chave que permite cortar o pasa da auga, e tamén regular o caudal, podendo reduci-lo co obxectivo de evitar o consumo innecesario. Esta chave móstrase nas seguintes figuras:



PASO 1: xirar a chave até seleccionar o chorro de auga que se desexa.

Móstrate responsábel coa natureza!

As auditorías realizadas en centros Green Campus da UDC nos 3 últimos anos indican que o caudal que dan as billas é moi variable, podendo alcanzar máis de 20 litros por minuto, e con valores moi frecuentes no contorno de 10-15 litros por minuto. Mediante este axuste podes achegarte facilmente aos 4-5 litros por minuto, reducindo o consumo en máis do 50%.

USO DUN PERLIZADOR ECO-EFICIENTE

Calquera destas billas pode contar cun filtro no extremo final de saída da auga, tamén coñecido como aireador ou perlizador. En moitos modelos, este perlizador pode retirarse e substituírse por un novo, ben coas mesmas características ou con outras diferentes. En todo caso, requírese que o novo perlizador sexa compatible coa billa en canto ao diámetro de rosca.

No mercado dispónse de perlizadores que permiten reducir fortemente o consumo de auga das billas. Isto conséguese debido a que o perlizador introduce aire no chorro de auga, aumentando o seu volume mentres reduce a cantidade de auga necesaria. Pero a maioría dos aireadores ou perlizadores que se atopan no mercado non presentan unha redución avanzada do consumo, polo que a selección dun perlizador ecolóxico debe facerse en base á información específica do caudal que ofrecen.

Na UDC estamos a empregar o perlizador Ref. 1529 de Ramón Soler. Segundo catálogo, este aireador limita o caudal a 1,7 litros por minuto.

PASO 2: comprobar a compatibilidade de cada billa co perlizador RS 1529 é solicitar o encargo do número necesario á OMA.

O cambio do perlizador é unha tarefa moi sinxela, sempre e cando se dispoña dunha chave inglesa axeitada para afrouxar inicialmente a rosca, e tamén para apertala o xusto ao final.



A OMA facilítavos unha mostra deste perlizador para poder determinar se é compatible coas billas e comprobar a redución de caudal que ofrece. No caso de billas que dan servizo a usos con especiais requirimentos, ter en conta a compatibilidade do novo caudal con eses usos.

MEDIR O CAUDAL DE AUGA ANTES E DESPOIS DA MELLORA

Como xa dixemos, medir o caudal que dan as billas é tarefa sinxela, e permite documentar tanto o consumo como o aforro que estas medidas ofrecen.


Precisamos dun vaso ou xerra graduada e un cronómetro. Si hai que ter en conta que o vaso caiba debaixo da billa, e que o seu volume sexa polo menos duns 250 ou 300 centímetro cúbico ($1\text{ cm}^3 = 1\text{ mL}$). Pero se a billa dá un caudal elevado, precisaremos que sexa de máis de 1 litro. Como cronómetro serven a maioría dos móbiles. O tempo de medida vai depender o caudal e do volume do vaso, pero non debe ser inferior a 5 segundos se queremos ter unha medición fiable.



PASO 3: medir o caudal antes e despois da actuación e obter o aforro acadado.

Os datos da seguinte táboa e figura corresponden a medicións reais realizadas en tres centros da UDC a comezos deste mes de decembro. O potencial de redución destas medidas, xa en marcha nestes centros, sitúase entre o 50 e o 84% do consumo de auga nos lavabos.

	Con perlizador orixinal		Con perlizador eco (independente da posición da chave)	Redución por axuste da chave (%)	Redución c/perlizador eco	
	Máxima abertura da chave	Chave axustada			Mínima	Máxima
	L/min	L/min	L/min	%	%	%
Billa 1 (pulsador)	4,1	1,5	Non compatible	63,5		
Billa 2 (pusador)	10,5	3,6	1,8	65,7	50,0	82,9
Billa 3 (monomando)	13,2	7,8	2,1	40,9	73,1	84,1



INFORMAR ÁS PERSOAS USUARIAS

O uso responsábel da auga é un obxectivo que debemos compartir toda a comunidade universitaria, e isto require que cada persoa usuaria dispoña da información axeitada para ser consciente de tais obxectivos no momento de facer uso da auga.

A situación de seca fai innecesario termos que dar xustificacións de tipo ambiental e social que están de plena actualidade nos medios e comunicación. Mais si é preciso informar das actuacións que se levan a cabo, para comprendermos todos e todas as novas prácticas de uso.

En cada lugar, baño ou aseo nos que se aplicaron estas medidas, compre termos información ben visible. O contido pode incluír datos como os seguintes:

- ESPAZO ECO-EFICIENTE NO CONSUMO DE AUGA
- CAUDAL REGULADO PARA REDUCIRMOS O CONSUMO DE AUGA
- LAVABOS CON BILLAS ECO-EFICIENTES

Ademais do anterior, pode indicarse o consumo individualizado de cada billa, por exemplo, 2 L/min.

PASO 4: informar a usuarios/as




Distintivos que informan do consumo de auga (Greencampus EUAT e Camiños)

OUTRAS ACTUACIÓNS RECONMENDABLES PARA REDUCIRMOS O CONSUMO DE AUGA

Os fluxores dos baños non permiten hoxe a introdución de mecanismos aforradores, pero si as cisternas. Aínda que non son moi utilizadas, si hai baños en case todos os centros que contan con cisternas. Neste caso, podemos estudar a introdución dun mecanismo de descarga dobre, que permita seleccionar un volume de auga reducido cando non é preciso o volume completo.

Pídese dos centros da UDC que informe á OMA do número de cisternas que hai dispoñibles e que non contan con mecanismo de descarga dobre, co obxectivo de estudar a súa introdución nun futuro próximo.





O USO DA AUGA EN LABORATORIOS

Nalgúns laboratorios, como os de química, bioloxía e outro laboratorios “húmidos” faise uso de grandes cantidades de auga. Ao tratarse de instalacións e aplicacións específicas de cada actividade docente ou investigadora, solicítase das persoas responsábeis das mesmas a adopción daquelas medidas de redución do consumo que sexan viables.